

# Pelotazos perigosos

## O caso Reganosa



# A foto que fala

Anxo ou demo? Un soldado pasea diante dun graffiti da artista Colette Miller [Cidade Juarez/México]



## O trasno Toneladas de xenerosidade

Daniel López Muñoz



Notará a atenta lectora e o despistado lector que esta semana a Peneira, esa sección de concentrada información sobre case todo o que vai tecendo un pequeno gran país como Galicia, cambia lixeiramente o seu estilo xenuíno. Un equipo de prescindibles fixémonos cargo de substituír a un imprescindible.

Alfonso Blanco Torrado, Alfonso de Guitiriz, o crego de Parga (entre outras), o descubridor de

Díaz Castro, o motor de Xermolos, do festival de Pardiñas (e de tantas cousas), é, ademais, redactor de Irimia desde a súa fundación. Trinta e pico anos de gratuidade inmensa, sen fallo. Xuntando datos – toneladas, participantes, hectáreas...- difundindo e sensibilizando. E o máis importante –para esta teimuda iniciativa - encargándose de dúas páxinas desta revista, así, como quen non quere a cousa, de remanguillé, sempre dando, sempre aí. Sólido.

Alfonso está hospitalizado. E agora que xa se sabe, xa volo podemos contar. Tiveron que levalo de urxencia polos efectos colatareis da xenerosidade, da confianza, da aposta polos febles. Pola inevitable cruz que trae iso de ser-para-os-demais, ...por máis que nos faga realmente felices, por máis que sexa o truco xenial da felicidade. Éche o misterio misterioso da semente que se enterra, do dando recíbese, do primeiro que é o último, dos amoriños de nai, da vella sabedoría.

Contan que un veciño que ten problemas coas drogas o quixo

envenenar. Seguro que non. Sería unha manobra desesperada, para adurmiñalo e facerse cos cartos, co coche. Sería o que sería e foi o que foi, iso que ten vivir sen medo e achegarse ao inferno que viven certas persoas.

Xa o dicía, mira ti, como tantas veces dando na clave e anticipándose, o mesmo Alfonso, concretamente no número 181 de Irimia, no ano 1985, e xa choveu: “*O consumo de drogas segue medrando... e un dos mellores negocios segue sendo a cocaína. Decatádevos: o traballar un terzo de hectárea nos Andes para que dea trescentos quilos de folia de coca, só custa 20.000 ptas; pois ben esas follas convértense en tres quilos de cocaína, que para o fabricante son vinte ou trinta mil millóns de pesetas, que van pagando moita xente inocente o colgada*”.

Pois si, Alfonso, éche así. E agora, déixate querer unha tempadiña.

(Pero despois retoma a Peneira, por favor!)

Resulta tentador analizar os resultados andaluces en clave galega. E a tentación pasa por unha simplificación, que é poñer PP onde alí pon PSOE e viceversa. E o resto máis ou menos igual. Pero as cousas tenden a ser máis complicadas.

Efectivamente nese troco de papeis hai unha parte de verdade. Se analizamos todo o transfondo que hai detrás dos subsidios agrarios, dos ERE e dos cursos de formación, vemos que hai unha estrutura de poder e clientelismo, de uso do público como se fose un patrimonio privado –un cortijo. Parécese bastante, por exemplo, ao uso do poder das deputacións provinciais en Galicia por parte dos baróns históricos do PP que resultaron na inhabilitación serodia do gran Padre Patrón Baltar; ou aos contratos públicos e outros asuntos que deron lugar a que practicamente toda unha corporación municipal –a da capital de Galicia- tivese que ser substituída de urxencia.

Esa rede tupida de intereses e influencias, de compadrecos e “agradecementos” é o que deu lugar á crise institucional, á indignación, ao termo “casta” –inaugurado por Beiras, non por Podemos- e tamén a que os grandes partidos, que se repartían o poder por territorios, consideren agora unha vitoria non acadar maiorías absolutas e ver como os parlamentos se fragmentan.

### o de Podemos, en Galicia, ten algo de idea xa experimentada

O fenómeno Podemos non resultou en Andalucía unha explosión que os levase a gobernar, ou a ser a forza primeira da oposición. Pero certamente, Podemos e Ciudadanos pasan a ser forzas poderosas. É trasladable esa parte do resultado a Galicia?

En Galicia, algo moi semellante ao que representa Podemos xa se levou a cabo con AGE. E o seu éxito foi o resultado de tres sumandos: a capacidade de entenderse entre forzas nacionalistas e non nacionalistas de esquerda, unha figura líder clara e a indignación do electorado contra o de sempre. Non obstante, despois, pasaron cousas que non falan moi a favor. O produto, ou parte del, non estaba curtido ou maduro e a división volveu aparecer.

Por unha parte o de Podemos, en Galicia, ten algo de idea xa experimentada –de feito o de Podemos tivo moito de copia do de AGE- pero, ademais, a presenza e a conexión coa base social do experimento é, en Galicia, máis ca discutible. O impulso mediático dificilmente vai substituír a presenza militante e consolidada e barrios, comunidades de montes, parroquias, asociacións, e iniciativas do máis diverso que tecen país cada día.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén

Vivimos nun tempo curioso. A crise estanos facendo máis críticos, e non só criticamos senón que tamén nos organizamos para que se escoiten as voces. É o caso da Rede galega contra a pobreza, que reúne 126 ONG que loitan contra a pobreza.

O feito de que se unan tantas ONG xa é motivo de ledicia, pero esta rede está a organizar a campaña #pobreza24m, na cal lles piden aos candidatos que se presenten ás municipais un compromiso serio e concreto contra a pobreza. Este compromiso ten como obxectivo reducir nun 15% a porcentaxe de xente en risco de exclusión social nos municipios nos que o candidato chegue a gobernar.

Tamén se comprometería o candidato a investir 110 euros por habitante e ano en políticas de promoción social. Boa e resucitadora nova. Tes a información en [pobreza.gal](http://pobreza.gal). e aí poderás saber quen vai asinando o compromiso, como vai a iniciativa no teu concello...

Outra boa nova é a apertura en Santiago de Numax. Unha sala de cine nova pensada ao cinema alternativo. No tempo no que se pechan as salas que ofrecen cultura, a apertura de algo cooperativo, alternativo e cultural é unha boísima noticia. Parabéns aos impulsores da iniciativa e toda a sorte desta travesía. Oxalá medre o exemplo

NON  
ABONDAN  
AS PALABRAS  
QUEREMOS  
COMPROMISOS  
#pobreza24M

e axiña haxa toda unha lexión de iniciativas culturais autoxestionadas, cooperativas e creativas.

Cando leas isto, desexo que resucitases. Se non é así, a que esperas?



1



3



2



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

4



## A peneira

1

María Xesús Neira, Carmen Couto e Eduardo Davila son tres membros do comité de empresa de **POVISA** en folga de fame indefinida como protesta ante os despedimentos de 13 dos seus compañeiros neste hospital vigués. A Xunta asinou coa dirección deste hospital privado un convenio por un máximo de 75 millóns de euros, mentres o hospital recorta en persoal. En Galicia reduciuse un 6% o número de profesionais sanitarios desde a chegada de Feijóo.

2

**A UNIVERSIDADE DA CORUÑA** está celebrando o seu vinte e cinco aniversario cun ciclo de conferencias que leva por título "A Universidade pública posíbel". No mes de abril falarán Vicenç Navarro e Boaventura de Sousa Santos. Ademais, acaba de nomear doutor honoris causa ao pedagogo americano Michael Apple, activista crítico preocupado polas políticas educativas e curriculares, as desigualdades e a xustiza social.

3

**DOWN GALICIA** celebrou o pasado 21 de marzo o día Mundial da síndrome de Down, no auditorio de Ourense, cunha campaña de promoción: *No puzzle da vida encaixamos todos*. Pretenden, nun día tan sinalado, concienciar a sociedade sobre a necesidade de crear espazos e condicións para que as 2000 persoas coa síndrome de Down en Galicia poidan demostrar a súa valía e medrar en autonomía, de forma visible e activa.

4

No **RURAL GALEGO** pasan cousas novas e a xente que vive e aposta polo campo necesita coñecer e conectar entre si. Non só hai crise demográfica, desertización e sucesos. Hai cooperativas, arte, soberanía alimentaria, novas maneiras de habitar as aldeas, orgullo, iniciativas innovadoras e toneladas de enerxía por activar. Por iso, convócase a xornada "Vivimos no rural", o día 9 de maio, no centro don Bosco de Belvís, en Santiago de Compostela.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Entre cinco e seis homes traballan de media nun **BARCO DE CERCO**. Pescan xurelo, sardiña, xarda e bocarte. O mal reparto de cotas por barco –baseada en datos históricos interpretados por Bruxelas e Madrid– causou conflito. Agora en Compostela chegaron a un acordo as autoridades e Acerga, que representa a 115 barcos e 1250 mariñeiros. 6.000 toneladas de xarda por buque. A xestión pública desde a proximidade funciona mellor.

6

Impresiona o **TALENTO MUSICAL** que agroma nesta esquina atlántica; tanto *Lúas de outubro e agosto* de Guadi Galego, como *Aínda* de Alba María, son discos moi recomendables, como nos conta Xoán Carlos, o propietario dunha das tendas musicais, Miranda, que seguen mimando o mundo do disco, e que se agocha tras da Salomé de Santiago de Compostela. Por certo, o novo disco de Sés está ao caer... e a pequena Xulia xa fai cola para mercalo.

7

Os seres vivos evoluímos adaptándonos a ciclos de luz como o día/noite. Coa luz artificial rompémolos e isto estraga os ciclos da química do corpo e a nosa saúde. Tamén provoca a emigración de especies nocturnas e temos toda unha xeración de mozos/as que nunca viron a vía láctea. Ademais da propia **CONTAMINACIÓN LUMÍNICA**, 1900 millóns de toneladas de CO2 foron emitidas para alumeadado eléctrico en 2005, p. ex.

8

No ano 2014 pecharon no Estado, segundo os datos do *Mapa de librarías de España*, 912 librarías, 443 máis ca no ano 2013. En Galicia hai 14,4 destes establecementos por cada 100.000 habitantes. Algunhas delas sairán á rúa para participar nas 12 **FEIRAS DO LIBRO** que se van celebrar entre abril e agosto en Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Vigo, Ribeira, A Coruña, Viveiro, Foz e Monforte de Lemos.

# Economía De viños

Pedro Pedrouzo Devesa

Hai uns días achegámonos ata o embarcadoiro de Doade para dar un paseo polo río Sil. Viñamos de estar nunha desas heroicas (e moi rendibles) adegas que reconstruíron terrazas imposibles, recuperando varias das uvas que se poden considerar propias deste país. E iso que durante moitos anos desapareceran practicamente das terrazas ribeirás. Godello, Treixadura, Mencía,

Merenzao ou Caíño son nomes que, arestora, comezan a ser tremendamente populares entre os amantes do viño galego, sexa branco ou tinto, pero que puideron ter peor sorte.

Realmente sorprende que uvas que están trunfando en tantísimos certames internacionais fosen desbotadas e algunhas case exterminadas hai anos por pouco produtivas. Non son uvas das que saia moito viño, pero si teñen un sabor moi especial.

E aínda que ben é certo que a produtividade doutras uvas permitiu a moitas familias numerosas vivir durante uns anos nos

que a abundancia non abundaba, si que nos podemos alegrar de que estas uvas se recuperasen de forma tan activa grazas a xeneralizar a abundancia, ou a repartir a riqueza, que é outra forma de dicir o mesmo.

De todas formas, asombra a cantidade de abas desertas a ambas beiras do Sil das que, polo visto, se descoñecen os propietarios, algo que realmente dificulta (aínda máis) o crecemento nunha zona xa difícil de seu.

As fragas que se asentaron maiormente nas terrazas da beira ourensá son unha paisaxe fermosa pero tamén desoladora, polo que significan de deserto humano no que se converte, paso a paso, pero irremediamente, o noso campo galego. E aínda que o Sil parece que busca revertir a tendencia, seguen sendo demasiadas as dificultades coas que se encontra.

O pequeno é fermoso, pero o parcelismo é un mal endémico do agro galego que segue condenando a demasiadas xeracións a buscar sorte noutra terra na que se lles aprecie con máis intensidade que aquí. Porque seguimos despoboándonos. Seguen marchando aqueles que poden facer mudar a nosa situación. E a culpa non sempre é dos políticos.







# O peto común Con Tareixa, a de Xesús

Manolo Regal

A coresma, se un quere, dá para moito, mesmo para remexer un pouco na propia conciencia e ver a propia vida á luz de Xesús de Nazaré, á luz de Deus. Diversas circunstancias leváronme a sentirme axudado nesta tarefa por cousas que estou lendo referentes a Santa Tareixa de Xesús, unha muller sumamente humana, apaixonada de Deus apaixonada pola reforma da Igrexa, simple e coherente, lista coma un allo, libre coma poucos, amiga, moi amiga, de ter trato con Deus, e capaz dunha actividade social, eclesial desbordante. Que mulleraza! Canto me gustaría podela imitar nas claves máis fondas da súa vida! En algo diso ando, pero, xa vedes, pobriño de min!

Pois chamoume moito a atención nela o feito de que, tendo xa 39 anos e sendo unha monxa fervorosa, de moitos rezos e cumprimentos relixiosos, cae na conta de que todo iso non lle estaba permitindo acceder ao fundamental que era ter un trato íntimo con Deus, acceder a unha experiencia relixiosa densa, e introducir a súa vida nunha nova dimensión crente. E decide lanzarse á aventura de intimar con Deus, con valentía, con humildade, con alegría, en comunidade de amigas, interactuando, como dicimos agora, con outras comunidades relixiosas e con moitas persoas e grupos da sociedade.

A min paréceme un mal meu cando menos, pero tamén de moita xente de Igrexa que coñezo e trato, por moito que leamos *Irimia* e vaíamos á Festa do Lume e gocemos festexando as Romaxes, e que sei eu que cousas máis... É que andamos de arriba para abaixo, nisto e naquilo, e váisenos das mans iso de ter trato con Deus, de poñer toda a nosa vida ao aire do seu Espírito, como fixo Xesús. Non sei a vós, pero a min pásame ás veces que teño medo de tentar poñerme cara a cara ante Deus, porque quizabes intúo que iso me leve a poñerme cara a cara coa xente con máis seriedade e alegría a un tempo, con máis ilusión e esperanza. Cara a cara coa xente e cara a cara comigo mesmo, que son de tomar. En fin, que me quedaron ganas de seguir lendo cousas desta santiña querida. O outro día fun a Lugo, entrei na librería La Voz de la Verdad e vin alí as obras completas de Santa Tareixa. Tirábame mercaldas, pero custaban moito. Deixeiñas para outra. Pero si que manteño acesa en min a lapa da emoción por ir dando algún pasiño nese camiño novo que ela emprendeu. Iso si, sabendo que estamos no século XXI, non no XVI coma ela, e de que ser unha persoa densamente espiritual demanda hoxe cousas que daquela non tiñan por que demandarse. Sería ben fermoso que en *Irimia* ousásemos compartir as nosas buscas, os nosos tratos, a nosa loita e gozo persoal con Deus, humildemente, como aprendices que niso sempre somos. Quen se apunta?



## O CARRABOXO UXO por ROBE LOIS



“Reganosa construíuse en Ferrol, exclusivamente por un pelotazo económico”.



## Conversamos co Dr. Humberto Fidalgo Couce.

### Para comezar, quen é Humberto Fidalgo?

Resulta difícil definirse a un mesmo. Teño 56 anos e son pai dunha filla de 22; dende o ano 1989 traballo de médico de Atención Primaria no Concello de Fene. Membro da asociación ecoloxista Adegas dende hai 20 anos e do Comité Cidadán de Emerxencia para a Defensa da Ría de Ferrol. Aínda que nunca militei en partido político ningún, non me considero un mero espectador da realidade, non creo no *irremediable devir* dos acontecementos e penso que a sociedade debe ter unha actitude crítica e vixilante do poder. Os problemas non se resolven só emitindo un voto cada catro anos. Encontro algo de infantil nesta forma de delegar o compromiso. Os grandes intereses económicos dende logo non actúan desta maneira, eles teñen os seus *lobbies* e presionan diariamente. Para min resulta sempre moi enriquecedor a participación en diversas asociacións ecoloxistas e cidadáns.

Mugardos, e a 1200 metros do núcleo urbano de Ferrol e do Arsenal Militar de Ferrol, sen ningún tipo de barreira que os poida protexer en caso de accidente. Pero, por se non fose abondo este perigo, resulta que a planta de gas ten ao lado uns almacéns de hidrocarburos e unha fábrica de colas que pertencen á empresa Forestal del Atlántico. Unha verdadeira bomba de relojería na espera do momento de estoupar!

### Por que coñeces REGANOSA e por que te comprometes nisto?

Aínda que Reganosa comeza a funcionar a finais do ano 2007 o proceso de tramitación da planta iníciase no ano 1999 e a construción comeza en 2001 cun recheo de máis de 120.000 m<sup>2</sup> sobre a Ría de Ferrol. O Grupo Tojeiro, promotor da planta de gas, ocultaba maliciosamente cal sería o verdadeiro destino destes recheos. Comezaron a botar entullos na Ría

## A planta de gas ten ao lado uns almacéns de hidrocarburos e unha fábrica de colas

### Que é REGANOSA?

Reganosa é unha regasificadora que entrou en funcionamento no ano 2007 no interior da Ría de Ferrol. Transforma e almacena máis de 350.000 m<sup>3</sup> de gas natural licuado que descargan grandes buques, o equivalente a 12 millóns de bombonas de butano. A xigantesca e perigosa instalación está situada ao lado das casas da parroquia de Meá, no Concello de

e ese foi o meu primeiro contacto co problema.

Eran tempos dunha opacidade brutal. En Madrid gobernaba Aznar e, en Galicia, Fraga Iribarne. Os medios de comunicación estaban totalmente controlados polo poder e os grandes intereses económicos. As redes sociais non existían. A sociedade vivía nun ficticio paraíso de crecemento e construción. Era o momento de so-



prar e soprar para inchar a burbulla que anos despois nos estouparía.

Reganosa era parte da burbulla enerxética. Unha instalación totalmente innecesaria e perigosa cun alto custo medioambiental e que nos leva cada ano 60 millóns de euros. Eu aínda recordo unha frase de Fraga daqueles anos: “Reganosa vai ser o motor da economía de Ferrol?”. Non temos máis ca ver agora a situación económica da comarca de Ferrolterra para ver que tipo de motor resultou. Non solucionou ningún problema en Ferrol e causa novos perigos e danos medioambientais como a perda de bancos marisqueiros, a utilización de inxentes cantidades de hipoclorito sódico que despois é vertido ao mar, o brusco enfriamento da auga da ría e, por suposto, o risco constante de accidentes.

### **Quen meteu REGANOSA na Ría de Ferrol e por que?**

Hai 4 persoas que teñen un protagonismo moi significativo nesta trama:

Roberto Tojeiro: dono de “Supermercados Gadis”, da petroquímica “Forestal del Atlántico” e doutras 30 empresas. Era un vello amigo de Fraga e hoxe coñecemos pola prensa que tamén era un dos maiores contribuíntes á caixa negra do PP.

Fraga Iribarne: expresidente da Xunta de Galicia, que chegou a desprazarse á Libia de Gadafi co seu amigo Tojeiro en busca de combustibles. Fraga entendeu rapidamente o “negocio” que podería supoñer que o goberno amigo de Madrid autorizase unha planta de regasificación, xa que estas instalacións unha vez autorizadas van cobrar unha cantidade fixa independentemente do funcionamento que teñan. Quere dicir isto que, aínda que nunca traballase, pero unha vez construída, Reganosa cobraría durante 25 anos 60 millóns de euros anuais. (De feito sabemos que o almacén submarino de gas Castor



cobrou os 1200 millóns de euros sen ter chegado a funcionar polos terremotos que desencadeou).

Jose Antonio Fernández Orza, que foi Conselleiro de Economía no goberno de Fraga e, ao tempo, socio de Roberto Tojeiro en varias empresas, foi quen deu o imprescindible aval económico da Xunta.

José Cuiña, que tamén ocupou diversas carteiras nos gobernos da Xunta, foi o encargado por Fraga de facilitar

de Mugardos e de Ferrol, incluso partidos políticos da oposición que calaron, toleraron ou permitiron este sen sentido.

A trama que desenvolveron non é moi diferente a outras operacións urbanísticas. Fraga presiona no goberno de Aznar para que autorice a planta e, unha vez aprobada, Tojeiro vende por 30 millóns de euros a Reganosa uns terreos na beiramar da Ría de Fe-

## **Non solucionou ningún problema e causa novos perigos e danos medioambientais**

toda a tramitación, levando por diante a quen opuxese a mínima dificultade, xa fosen funcionarios, presidentes da Autoridade Portuaria ou xornalistas. A tramitación foi tan salvaxe que saltou calquera tipo de normativa medioambiental ou de seguridade. Incumpriu incluso o plan Xeral de Urbanismo do Concello de Mugardos, como así sentenciou o Tribunal Supremo.

Os protagonistas principais xa faleceron pero houbo moitos outros actores secundarios, entre eles alcaldes

de Mugardos e de Ferrol, incluso partidos políticos da oposición que calaron, toleraron ou permitiron este sen sentido.

Non existe ningún outro motivo para que a planta de gas de Reganosa se construíse nesta situación ilegal e tan perigosa. O motivo foi exclusivamente un pelotazo económico.

### **A poboación das dúas bandas da ría de Ferrol é consciente do perigo?**

Eu creo que a todas as persoas nos resulta difícil vivir coa consciencia dun perigo constante; tendemos a minimizalo, a esquecerlo para poder so-



brevivir. Creo que esta é a actitude da maioría da poboación que vive na Ría de Ferrol. Non deixa de ser un primitivo mecanismo de supervivencia.

**“Cos millóns de euros aí metidos, iso xa non o move ninguén” di a xente.**

Construíuse cun crédito de 480 millóns de euros entregado pos varios bancos (BBVA, Caixa Galicia, HSBC). Ningún socio puxo un euro. Nin para comprar os terreos nin para edificar. Tanto ese crédito como o “pelotazo” de Tojeiro estámolo a pagar todos e todas nós. Os consumidores levamos pagados nestes 7 anos de funcionamento de Reganosa, 420 millóns de euros e, de seguir a planta os 25 anos previstos, pagaremos 1500 millóns de euros. Os cidadáns pagamos os créditos, corremos os riscos e os socios levan as ganancias, debe ser unha decisión da sociedade que este estado das cousas muden ou se perpetúen.

**Pódese ter algunha esperanza?**

Eu levo investigando e loitando co caso Reganosa dende o ano 1999. Penso que é unha instalación sostida artificialmente polos grupos de poder e que caería case polo seu propio peso se non tivese este apoio. Personalmente son optimista e vexo un futuro sen Reganosa.

**Cales son as solucións posibles?**

É ben doado e incluso economicamente beneficioso para os consumidores. O verdadeiro problema radica en que existe Reganosa, non en que

desapareza. O actual problema no Estado español é que facer con un gasoduto que vén de Alxeria e 7 plantas de gas, que son máis das que ten todo o resto de Europa xuntas, todas elas cobrando do sistema gasista e polo tanto encarecendo o produto final.

Aquí ao lado, en Xixón, temos outra planta de gas sen estrear, parada ou como di o goberno *hibernizada*, pero os socios promotores xa están cobrando os cartos do sistema gasista.

A decisión de pechar Reganosa non sei se a tomará un xuíz ou algún polí-

tico pero que sexa antes de termos un accidente.

**Sodes un grupo “testemuñal”; sen poder pero con moita constancia...**

Pode ser que esa sexa unha visión que teñan de nós. Levamos moitos anos con esta loita e os medios de comunicación só perseguen a actualidade. Somos unha plataforma cidadá á marxe dos grandes partidos e temos en fronte inimigos fortes. Todo isto dificulta a nosa visibilidade.

**Que estades a facer?**

O Comité Cidadán ten numerosos preitos que están chegando á fin do seu percorrido xurídico e esíxenos

grandes esforzos económicos. Levamos 7 anos mobilizándonos coa entrada de cada barco gaseiro e temos unha páxina web que vos recomendo visitar para terdes información de primeira man e podernos axudar.

**Como podemos na Galiza solidarizármolos convosco?**

A través da páxina <http://www.comitedadadan.org> anunciamos as convocatorias de mobilizacións e debido aos preitos xudiciais tamén precisamos de achegas económicas que se

Tojeiro vende a Reganosa uns terreos que nin sequera eran del. Tanto o crédito como o pelletazo estámolo a pagar todos nós.

poden facer na conta do Banco Santander: 00493315772894017995

**Nunca che dixeron que estarías máis guapo caladiño? Non te ameazaron ou intentaron subornarte?**

En todos estes anos que levamos enfrontándonos a Reganosa tivemos presións, difamacións e tamén ofertas para deixar o tema. Sinto dicir que algúns compañeiros/as tiveron que deixar o Comité Cidadán por presións laborais, pero foron poucos, a maioría continuamos coa determinación de chegar ata o final e ver saír Reganosa do interior da Ría de Ferrol

**Graciñas, Dr. Fidalgo.**

# Lembranza de orvallos ANISIA MIRANDA

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)

Era unha mañá de outubro, cedo aínda, o 22 de 2009. Fun a Gres, todo semellaba imposible. Setenta anos atrás, un 30 de decembro de 1932 alá en terras de Camagüey, Ciego de Ávila, nacía unha muller filla de emigrantes de Ourense. Nena cubana que buscaba detrás de tanto mar, aquela Matria dos seus, aquelas cores que se lle evocaban verdes, xente e falas aínda vivas na casa, ao facer repaso de lembranzas. Miraba lonxe, quería saber daquel cadro imaxinario da irredenta Galiza da que sentía falar. Paraíso a encher de luz. E así escoitou con veneración, sendo moi pequena, as verbas acendidas de Castelao arengando unha multitude e, desde o mesmo estrado, a uns pasos del, percibía a dignidade dos que levan a Patria enteira no corazón e na memoria (como escribiu Lorenzo Varela), dos que se senten orgullosos de ser. E seguía enchendo aquel cadro escuro pero policromado da Galiza eterna, por veces azul e branca, por veces gris neboento, aínda que sempre engaiolante e case irreal pois esvaecía entre fábulas máxicas que rozaban, xa entón, toda utopía.

Fixo Maxisterio, tentou tamén a comunicación baseada na palabra, no xornalismo, e imprimiulle un carácter literario á súa escrita. En Bos Aires coñeceu a Xosé, home fraco e espigado, con lentes, pelo botado a un lado e que coñecía perfectamente a realidade imaxinada por ela. Para el sería unha terapia contra a señardade recuperar imaxes sempre queridas, falarlle de recantos queridos, de xentes, de camiños, do azul dos ceos e dos mares, de malpocados, de bruxas e meigas, de montes e vales, persoeiros e historias, ríos, fontes encantadas, recantos de luz, horizontes e solpores, paraísos perdidos, festas e costumes, ... mesmo lle inventou historias e re-

latos, poemas e cancións de amor e de retorno. Materializaron xuntos aquela “Patria do Vento” que ía facéndose realidade e dando paso a novas luces, ...e a un namoro. Casaron e dedicaron a súa obra a nós. Sumaron vontades, traduciron, distribuíron publicacións, axudaron a exiliados, fundaron editoriais e –sobre todo- crearon obras literarias importantísimas que servirían para facer medrar a nosa autoestima. Para sempre Anisia quedou prendida de nós e de Galiza.


Sabía que a felicidade hai que busca dentro e agarrala para que se desprenda suavemente como un aroma, no arredor sedento. Escribiu en galego por amor e deunos forza para seguir alancando cara a ese soño de liberdade. Falou ese galego precioso que recendía a ron e a café, a mel con noces e a azucre, a guaiaba e a guaxira, a praia e resistencia. A súa voz aínda abre amenceres nos encontros que nola lembran con aquel enorme sorriso, que coñecín tamén na súa Cuba natal, terra da que estaba feita e que a chamaba en silencios, chea sempre de nostalxias. Anisia Miranda Fernán-

## Anisia quedou prendida de nós e de Galiza para sempre

dez, rebelde, íntegra e incorruptible. O tal Xosé é o noso amigo Pepe Neira Vilas. Xuntos sacaron das sombras dimensións ocultas, pero exactas, dos contornos policromados e perfectos que habitan esta Matria, brillos de paixón e tenrura, de amizade, de cancións e palabras, de flores e recendos en bágoas de primavera ou néboas de calquera outono, ...neste mundo cheo de soños, de amor e desamor, onde só os humanos poderemos facer realidade de toda utopía.







*Dous anos son moitísimo para os que esperan impacientes uns cambios necesarios. Pero son moi pouco para o ritmo de tempo dunha Igrexa feita de séculos, parada no XVI (Trento e Vaticano), atrancada no XI (reforma gregoriana), arraigada no IV (sistema sacral hebreo e romano).*

### **Unha marcha con dificultades: sete “contras”**

1. Abofé que Francisco realizou algúns signos moi significativos: linguaxe máis próxima, achegamento aos marxinaos, liberdade fronte ás institucións. Pero non todos están de acordo. Así me dixo un amigo (colega de escola, bispo nas Américas): “Desengánate, Xabier, todo isto é un bluff, unha operación de imaxe?”
2. Estas son palabras textuais dun Cateadrático de Teoloxía: “Francisco di cousas, e algunhas importantes, pero onde non tiña que dicilas: Voltando

## En contra: non foi quen de lograr que triunfen as súas teses na aula sinodal

no avión, en rolda de prensa informal, pero logo nada, fáltalle seriedade. Son ocorrencias de momento, titulares para que se entreteñan os xornalistas, que non teñen máis que facer... Pequenos cambios externos, *Viva il Papa* outra vez, pero... moito Opus, con cielinos e catecúmenos e demais grupos de presión.

3. Un pai de familia retrúcame: “Si, interésalle a familia. Coñece a rúa algo máis ca os anteriores, pero coñécea por pasar por alí, sen vivir e sufrir os seus problemas?” “Certamen-

te, quixo unha Igrexa realista ante a nova realidade da familia, parellas de feito, amores e soidades múltiples, liberdade sexual, formas de ser distintas (con hetero- e homo-sexualidade e outros asuntos)?” Pero logo todo segue igual: non foi capaz nin sequera de lograr que triunfen as teses que el parece defender na aula sinodal. Seguimos ante unha igrexa de clérigos”

4. Outro dime: “Parece que a xoia da súa coroa é a loita contra a pederastia clerical, e está moi ben. Pero resulta que todo termina na foto e nunhas cantas frases. Só cando a afectividade do clero sexa clara e se despregue claramente, en matrimonio ou celibato, ou noutros esquemas, pero con liberdade clara ...”

5. “Ah, o diñeiro! Está moi ben o que di”, engade un cristián de base, comprometido contra a pobreza, “Comisións e máis comisións sobre o IOR e o Banco Vaticano. Pero no fondo todo segue igual. Tiña que empezar cun golpe de man, suprimir toda parella de feito entre Vaticano e Capital! O Papa ten autoridade para facelo, pois que o faga!”

6. “O sexto,...a Curia Vaticana”, dime un vello amigo, que quereda volver crer na Igrexa, pero que non atopa aínda razóns dabondo. “Nomeou unha comisión de cardeais encargados da Reforma, que se xuntan un par de veces ao ano para dicir cada vez que o Papa é moi bo e que as cousas andan ben. Estas cousas, engade, hai que facelas decontado. É necesaria unha Ruptura”

7. O sétimo é a muller ou, mellor dito, a igualdade na igrexa. Hai ducias de titulares nos que o Papa fala da dignidade da muller, da igualdade na Igrexa, dime Eloísa, no día da muller: “Mira o teu Papa, bota flores ás mulleres desde a barreira do balcón do Vaticano, pero non permite que elas sexan persoas, na Igrexa, en igualdade de dereitos e deberes”...



## E sete “a prol”: a boa marcha de Francisco

1. Recuperar a Xesús, volver ao evanxeo. Este é o punto de partida. Estou convencido de que é isto o que quere facer Francisco. Nun mundo sen certezas, con grandes dores, os cristiáns deben ofrecer e proclamar a mensaxe de Xesús, como experiencia gozosa de vida, testemuño de transcendencia e compromiso de humanidade, ao servizo dos máis necesitados. Esa mensaxe non serve para confirmar o que había (unha orde superior xa dada, un Vaticano), nin para sacralizar o sistema imperante, senón para acender unha luz e ofrecer unha experiencia alternativa de humanidade.

2. Nun mundo distinto, un Deus encarnado e comprometido

Os cristiáns xa non poden entenderse como “sociedade total” (con pretensión de verdade sobre os outros), senón como lévedo, dentro dunha sociedade civil autónoma onde ninguén pode arrogarse unha pretensión de saber e poder absoluto (nin os crenentes, nin os non crenentes; nin os cristiáns, nin os fieis doutras relixións).

3. En xesto de solidariedade, a paso de home

Francisco sabe que a mensaxe e camiño de Xesús ha de entenderse como experiencia e tarefa de solidariedade, dirixida a superar no posible o sufrimento, ofrecendo e compartindo uns estímulos de vida. Os cristiáns non poden apelar a unha verdade antecedente para impoñela desde arriba, pero poden (e deben) ofrecer un camiño compartido de experiencia e esperanza sandadora, que lles permite superar a angustia da morte.

4. Da teocracia á comunión

Francisco quere pasar do Deus teocrático (autoridade dominadora) ao Deus interior e compañeiro da comunión persoal e da comunicación libre entre humanos. Ese Cristo non é, xa

## A prol: a súa mensaxe non serve para confirmar o que xa había

que logo, unha especie de emperador supremo, senón o home Xesús, aquel en quen Deus encarna de xeito privilexiado o seu proxecto de amor, comprometido no devir da historia humana. Ese Cristo de Deus non sobre-vén sobre un mundo xa feito, para dirixilo desde arriba, senón que se introduce como home de amor no mesmo desenvolvemento da historia humana.

5. Igrexa, unha experiencia de comunión

Igrexa que se entende como experiencia de comunión, aberta aos que cren en Xesús, e, dun modo máis extenso, a todos os que aceptan e promoven o misterio da vida en actitude de encontro mutuo, sen imposición intelectual nin moral (nin social), pero cunha gran creatividade.

6. Unha Igrexa para o evanxeo.

Iso implicará un cambio de estrutura eclesial, que é difícil programar de antemán, pois iso só pode facerse a medida que se avanza no camiño. Non se trata de tirar pola borda o que foi a tarefa histórica da Igrexa, senón de asumila para recreala (superala sen negala) segundo o evanxeo. Segundo todos os indicios, estamos nun momento clave de transformación, de maneira que se a xerarquía da Igrexa segue defendendo o seu modelo antigo acabará perdendo o seu sentido (e opoñeráse ademais ao evanxeo).

7. Un novo concilio?

Algúns cristiáns queren que, neste contexto, aproveitando o tirón de Francisco, se convoque un novo concilio aberto ás diversas confesións cristiás e, no fondo, a todas as relixións. Pero tería que ser un concilio distinto, non exclusivo de bispos (que apenas asumen o espírito de Francisco, moitos deles acubillados, agardan-

do a fin desta paréntese arxentina). Sería necesario un concilio distinto, evanxélico, fundado na realidade do ser humano, desde os pobres do mundo, o concilio daqueles coxos-mancos-cegos cos que se atopou Xesús que lle levaron a saír das institucións establecidas para iniciar unha marcha de Boa Nova.



### *ÉTICA PÚBLICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ. A RELEVANCIA DO “FACTOR CRISTIÁN”*

DATA: 11 de abril

LUGAR: Centro Sociocultural do Castiñeiriño “Agustín Bueno” (Santiago)

#### HORARIO:

10:00 - 10:30: Acollida

10:30 - 11:00: Introducción/Motivación: Daniel López Muñoz

11:00 - 11:45: Mesa redonda

- Alfonso Mascuñana, da Marea Atlántica
- María del Mar Revuelta, do Cristo da Vitoria de Coia
- Benito Santos, de Gañemos – Vigo

11:45 - 12:30: Debate

12:30 - 13:00: Descanso

13:00 - 14:00: Traballo por grupos

14:00 - 15:00: Xantar compartido (no antigo colexio Ramón Cabanillas)

15:00 - 16:00: Café e/ou paseo

16:00 - 17:00: Conclusións

17:00 - 18:00: Celebración e despedida



Deputación  
DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Muñoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedron Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN:** [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRIPCIÓN:** Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / [subscripcións@asociacion-irimia.org](mailto:subscripcións@asociacion-irimia.org)  
Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

**CONTA:** ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

**ISSN:** 2172-9182

**IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>



# Boa Nova



## Ver coma paradigma da fe

O relato de Xoán móstranos a incerteza e a confusión dos primeiros momentos ao atopar o sepulcro baleiro. Os protagonistas na historia son María Magdalena, Pedro e o discípulo amado, os tres “ven” unha realidade que lles supera e os tres reaccionan ante ela de forma diversa.

Magdalena achegouse moi cedo ao sepulcro para facer o dó e “viu” que o mestre non estaba e correu a avisar. Con ela volven ao sepulcro Pedro e o discípulo amado e “ven” cos seus propios ollos o que Magdalena lles contara. O autor do evanxeo infórmanos que so o discípulo amado “viu e creu”. Os discípulos varóns volven para a casa (20,10) e Magdalena queda chorando o carón do sepulcro (20, 11).

A clave de todo o relato é o verbo “ver” que para o evanxalista e o seu modo de expresar a experiencia vivida pola comunidade de Xesús ante o acontecemento da resurrección. Do que se trata é de “ver” mais aló do que perciben os sentidos. Ao comezo Magdalena e Pedro só “ven” o que mostra a realidade: o sepulcro está baleiro e non saben que pasou. O discípulo amado “ve” pero atopa un novo significado os datos e “cre”. Este paso de ver a crer, que exemplariza o discípulo amado, e a auténtica experiencia pascual.

Magdalena no episodio seguinte ten un encontro persoal con Xesús no que fará esta mesma experiencia e ademais recibirá unha mensaxe e un envío por parte do mestre. Pedro, a continuación, “verá” o Señor xunto os outros discípulos. O evanxalista presenta tres modos de acadar a experiencia pascual que para el sustentan un grao de autoridade diferente cara á comunidade, mostrando no trasfondo os conflitos de liderazgo existentes nos comezos.

Carme Soto

## DOMINGO 5 DE ABRIL. PASCUA

### A PALABRA. Xn 20, 1-9

O día primeiro da semana María a Magdalena foi ao sepulcro moi cedo, cando aínda era escuro, e viu que a pedra do sepulcro estaba quitada. Botou a correr e, chegando onda Simón Pedro e onda o outro discípulo a quen amaba Xesús, díxolles: «Colleron do sepulcro ao Señor, e non sabemos onde o puxeron.» Pedro e mais o outro discípulo saíron correndo cara ao sepulcro. Corrían os dous á par. Mais o outro discípulo correu máis lixeiro ca Pedro, e chegou primeiro ao sepulcro. Abaixándose, viu que estaban os lenzos, mais non entrou. Entón chegou tamén Simón Pedro, que o seguía, e entrou no sepulcro. Viu os lenzos pousados alí. Mais o sudario que envolvera a súa cabeza, non estaba cos panos, senón á parte, enrolado noutro lugar. Entón entrou tamén o outro discípulo, que chegara primeiro, ao sepulcro; viu e creu. (...).

### Cando me namoras

O relato daquel primeiro domingo é como unha danza de ires e vires, entrades e saíres, que move o aire; un remuíño que nos despista e case fai esquecer que o texto non conta nada, nadiña do que alí pasou.

Non podo evitar trasladarme a unha misa multitudinaria de vila pequena (si, lestes ben, multitudinaria, con xente de pé e todo) latina e campesiña. Os ritos? Baleiros e contrafeitos, palabras de pau que só transmitían desalento encol dos seres humanos e un asfixiante discurso sobre a necesidade de penitencia, todo isto para traer a xente á igrexa en semana santa! Marqueting barato, bla bla bla...

Unha que desconecta por non acabar atea ou saíndo e da en mirar á xentiña multicolor, os peiteados de domingo, aquel pantalón que lle faltan 3 tallas para acoller á súa ocupante, aquel rapaciño durmido no colo da súa xove nai, o velliño da mirada perdida, aquela señora coa camisa bordada que pasou de moda hai cinco anos, e todos xuntos, un ir e vir, buscando acomodo, tentando de corazón estar aí e unha namórase de ti Sempre Vivo, con cara de Neno fedello que xa non sabe como pór as pernas, con cara de Nai dunha bebé lindísima da fila de diante e unha pensa, canta vida pariu aquela tumba onde semellaba non ter pasar nada. Algo tivo que pasar, cando aínda hoxe hai xente que ten valor para saír da casa e preguntar por ti, aínda que a alimenten con aire, algo pasa que me namora.

Christina

A PALABRA

O ECO

A CLAVE

# Falando da lingua De delitos, ditados e dicionarios...

Lidia e Valentina



Vítor celebra a vitoria en ditado

Xa vai para doce anos que se aprobou a que se deu en chamar *Normativa da concordia* ou, o que é o mesmo, que se chegou a un acordo normativo que supuxo que aquelas Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego aprobadas en 1982 sufrisen unha reforma.

Regos de tinta correron para criticar, e case sempre de forma destrutiva, tal acordo. Pasabamos a ter que dicir

“grazas” e seica se nos facía costa arriba. Pois despois de tanto tempo transcorrido, escoitamos con máis frecuencia “grazas” do que vemos que a xente escriba con corrección outros termos que sufriron unha variación “menor”. Un dos casos engloba os grupos cultos e non afecta á pronuncia, pero que a poboación non deu, ou non quixo dar, aprendido. Daquela decidimos que vai ser o tema no que nos imos centrar hoxe, aínda que durante o

2003 e o 2004 lle dedicamos varios especiais a dar conta destas mudanzas, resaltando que todas elas cabían no espazo deste artigo porque poucas foron. Claro que non podiamos dar explicacións moi pormenorizadas, nin poñer exemplos. Hoxe, pola contra, son estes os que van predominar.

Comezamos polos grupos cultos –CT e –CC- que suprimen a primeira consoante cando esta vai precedida polas vogais I ou U. En galego non se conserva ese grupo culto nesas circunstancias. De feito, a que pronunciades *vítima* e *ditadura* e non */diktadura/*? Outra cousa é que teñamos o costume, por telo aprendido a escribir igual ca en castelán -con C antes de T-, de pronuncialo con ese son, sobre todo cando o lemos. Mais xa van alá ben anos e cómpre que non nos soe raro ver na escrita termos tan comúns como: *conductor*, *condución*, *conduta*, *conflicto*, *construción*, *dedución*, *delito*, *destructor*, *dicionario*, *ditar*, *estricto*, *estruturador*, *introdutor*, *obstrución*, *producción*, *produtor*, *redución*, *tradutor*, *vitoria*...


E como toda regra ten excepción..., estas van doutra volta...

Feliz Pascua!

## O Fachineiro da cultura

### A síndrome da cabra da miña veciña

Pouco importa que o sector cultural teña máis traballadores ca o naval que constituía o 3% do noso PIB, que medre máis ca o resto da economía, que se proxecte a través da nosa lingua. Sempre hai escusas para desprestixialo, para restarlle mérito. O que ocorre no sector cultural é un reflexo do lingüístico, e cando se unen os dous, saímos dun souto para meterse noutro. É o esquema mental do complexo de inferioridade, de quen pensa que a cabra da miña veciña dá máis leite ca a miña. Cando hai unhas semanas se propuxo poñer o nome de Lois Pereiro á casa da Cultura de Monforte -cidade onde viviu o poeta- houbo un grupo muni-



cipal que se opuxo porque iso “divide a cidade”. E cal era a proposta dese grupo municipal e que, por suposto, a argumentaba en castelán. Pois poñerlle o nome de Conde de Lemos. Se este fachineiro fose desconfiado, que non o é, diría que querían recoñecer ao VII Conde de Lemos unicamente como mecenas da segunda parte de *El Quijote* pero non a persoa que loitou polos dereitos do Reino de Galicia. Para recoñecer o valor de Pereiro xa temos os murcianos, que o han facer ben.

A.Q.